

# Canción Sen Medo

*Versión de Sin Miedo de Vivir Quintana*

Que trema o Estado, os ceos, as rúas  
Que trema a igrexa e a xudicatura  
Hoxe ás mulleres rómpennos a alma  
Seméntannos medo, medráronnos ás.

A cada minuto, de cada semana  
Viólanos amigas, mátannos irmás  
Quebran os seus corpos e desaparecen  
Non as esquezamos, por favor, que sigan  
presentes.

Por todas as compas marchando en  
Reforma,  
por todas en Chiapas, Tijuana e Sonora  
Polas inocentes do caso Carioca  
Lembrade os seus nomes, non estamos  
todas.

Cantamos sen medo, pedimos xustiza  
Berramos por cada desaparecida  
Que resoe forte, Querémonos vivas!  
Que caia con forza, o feminicida!

Eu préndolle lume, eu revento todo  
Se un día un fulano apaga os teus ollos  
Agora non calo, estou farta de todo  
Se tocan a unha, respostamos todas.

Son Clara, son Annick e son Manuela,  
son Ingrid, son Fabiola e son Valeria.  
Son a nena q fixeches nai á forza  
Son a nai que agora chora as súas mortas  
E son a que che fará pagalas contas.

**Xustiza! Xustiza! Xustiza!**

Por todas as compas marchando en  
Reforma,  
Por todas en Chiapas, Tijuana e Sonora,  
Polas inocentes do caso Carioca  
Lembrade os seus nomes non estamos  
todas!

Cantamos sen medo, pedimos xustiza  
Berramos por cada desaparecida  
Que resoe forte: Querémonos Vivas!  
Que caia con forza, o feminicida! (bis)

E que treman os centros da Terra  
Ao sororo ruxir do amor  
E que treman os centros da Terra  
Ao sororo ruxir do amor.

*Meigas Brava Son*